

## **Memoria xustificativa da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia e a Casa de España en Río de Janeiro, co fin de contribuír á atención das necesidades socio-asistenciais básicas da cidadanía galega, alí residente e para o mantemento dunha oficina de información e asesoramento social en Río de Janeiro, Brasil**

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponde, entre outras, a competencia das relacións e o apoio as persoas e ás comunidades galegas do exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento, tal e como se recolle no artigo 1.c) do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

O seu artigo 49 establece que a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, no ámbito da emigración e do retorno, ao que lle corresponden, entre outras, as competencias recollidas na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude; en particular, son competencias desta secretaría xeral as relacións coas comunidades galegas no exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento.

O 10 de abril de 2025 a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Casa de España en Río de Janeiro asinaron un convenio que ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes para a atención das necesidades socio-asistenciais básicas da cidadanía galega residente en Río de Janeiro que por razóns de idade, estado físico ou situación de carencia, teña problemas de autonomía persoal, así como manter unha oficina de información e asesoramento social e colaborar na difusión e xestión dos programas e actividades que desenvolve anualmente a Secretaría Xeral da Emigración, especialmente os de carácter socio-asistencial.

Na cláusula cuarta do convenio establécese unha achega económica por un importe de cincuenta mil euros (50.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 14.05.312C.481.0, código de proxecto 2015 00039, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Debido a situación social, política e económica pola que está a atravesar o país e sobre todo ao aumento do custo dos gastos de funcionamento do centro de día e do punto de información, a Casa de España en Río de Janeiro ten graves dificultades co financiamento previsto inicialmente neste ano para o seu mantemento, polo que, co fin de seguir prestando a atención necesaria ás persoas de orixe galega, é preciso incrementar o importe da achega en 25.000€.

Xa que logo, tendo en conta a addenda, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración comprométese a achegar unha contía de vinte e cinco mil euros (25.000 €) con cargo á



aplicación orzamentaria 14.05.312C.481.0, código de proxecto 2015 00039, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

